

—Reis galegos, monarcas suevos, reino de Galiza... A que se debe esta súpeta "paixon monárquica" por parte dos historiadores galegos actuais?

—Pois non é debido a que nos volvésemos monárquicos de repente [Risos]. O que acontece, simplemente, é que durante a Idade Media a estrutura política viña determinada pola monarquía que, como é ben sabido, ocupaba a cúspide da pirámide social. Non obstante, si que é verdade que ultimamente apareceron diferentes traballos arredor desa temática. O motivo vén determinado por unha defensa do estudo da historia política. Nos anos 70 do pasado século cobrou especial actualidade a investigación da historia social e económica, unha tendencia moi influída polo marxismo, que desconsideraba a análise das institucións. Penso que agora mesmo estamos a vivir unha reacción, por así dicilo, diante desa especie de monopolio e, polo tanto, asistimos a unha revalorización dos apartados políticos no transcorrer histórico.

—E non coída Vde. que, á canda diso, existe o risco de retornarmos a unha historia "de grandes nomes e de grandes feitos"?

—Desde logo, aparentemente si que podería existir ese perigo. Porén, coído que a visión dos historiadores actuais é diferente: trátase dunha ollada progresista e levada adiante por persoas moi conscientes de habitarmos no século XXI. Do que se trata, máis ben, e de enchermos un baleiro: refírome ao baleiro da historia política que aínda estaba por facer dunha maneira rigorosa.

—A historiografía moderna española semella utilizar con moita cautela etiquetas como "rei de Asturias" ou "rei de León". Non considera, daquela, que insistir nesoutra de "reis de Galiza" vén constituír, dalgún xeito, unha loita contra fantasmas, acaso determinada pola procura dunha rendabilidade desde o ámbito dunha ideoloxía nacionalista?

—É verdade que cada vez que falamos acerca deses monarcas galego-ástures, estamos a reivindicar a galeguidade dos mesmos, a reclamar a galeguidade da monarquía que encarnaron. Pero eu coído que se trata dun logro e máis dunha necesidade, porque durante demasiado tempo estivemos asistindo á presentación dunha historia que nos resultaba allea e na cal, polo visto, non tiveramos ningunha participación, algo que resulta absolutamente incerto. De calquera maneira, mesmo no caso dos máis serios e modernos, os historiadores españois aínda seguían a mostrarse reticentes a aceptar o protagonismo da nobreza galega. Na miña estima, o concepto de "formación social e política" é clave, toda vez que a creación dun novo "reino", o Christianorum Regnum, no NO confirma un feito completamente novidoso. Ademais, os galegos tiveron un protagonismo estelar dentro del logo da desfeita do dominio visigodo.

—De todos os xeitos, o habitual non foi

que o rei de Galiza fose o mesmo que reinaba en Asturias, León...? Non resulta anacrónico e equívoco discutirmos acerca de etiquetados nunha etapa na que o concepto de "fronteira" está ben lonxe de corresponderse co que entendemos na actualidade?

—Eu non son partidario de buscar cando un rei é, ou non é, privativo dun territorio... O certo é que estamos diante dunha monarquía dun conxunto territorial amplo, pero con base en Galiza. Iso mesmo é o que estamos a reivindicar, non outra cousa.

—Pero se Vdes. escribise un libro que se titulase, por exemplo, "Os reis de Galiza", a quen incluíría baixo esa denominación?

—Hai que matizar semellante concepto segundo de que época falemos. En realidade, reis de Galiza veñen ser todos aqueles monarcas que exerceron o seu dominio sobre o noso país; non obstante, repito que habería que matizar a fórmula de acordo coas diferentes etapas históricas. É eviden-

te que a propia fórmula "reino de Galiza" foi variando ao longo dos tempos; de todos os xeitos, até o século XII estamos a falar dun espazo que vai entre a Estaca de Bares e o río Douro.

—Vde. utiliza a fórmula "galaico-ástur" para a xeira que transcurre entre os séculos VIII-X. Se Galiza era o espazo máis amplo, se a aristocracia galega tiña un papel determinante... como é que os reis de ese período mantían a corte fóra do noso país?

—É certo que o núcleo do poder se organizou arredor de Oviedo, primeiro, e en León, despois. Non teño unha resposta definitiva para explicar por que se artellou neses lugares e non en Galiza, que era o territorio máis importante desa monarquía. Pero iso non impide que a nobreza galega detentase o poder e que mesmo derrubase monarcas cando estes contrariaban os seus intereses. En calquera caso, máis que o concepto "rei de tal sitio" o que realmente

interesa destacarmos é a idea de "formación social e política"; aí, como xa dixen, é onde reside a novidade e máis a importancia da presenza galega.

—Non acontece, en boa medida, que a historia dos reis da Reconquista vén ser a historia dun clan familiar?

—O que sucede é que, efectivamente, estaban emparentados entre eles, tal e como tamén tivo lugar entre as monarquías europeas no Renacemento e máis no Barroco. Pero detrás da gran nobreza estaba tamén a pequena nobreza, a burguesía nacente, as masas populares... E tamén había fronteiras e intereses territoriais se ben que non da maneira en que os entendemos nos nosos días.

—Pero cando ten lugar realmente o paso desde unha monarquía patrimonial cara a outra de carácter territorial?

—Desde logo, iso acontece cando os reinos cristiáns, logo da crise e da desfeita do califato de Córdoba, vén a posibilidade de espallar o seu territorio. Doutra parte, o feito ten que ver moito con esoutro do feudalismo, coa aparición de grupos fortes de poder asentados nun territorio concreto, algo que se produce xa no século XII.

—A Reconquista é un mito? Quero dicir, non houbo nunca un afán unificador da península baixo o cetro dun único monarca cristián?

—Dubido moito que tal cousa existise; en realidade, o que se produciu foi unha construción ideolóxica moi posterior. Hai quen afirma que, por exemplo, que a célebre coroa-

ción de Afonso VII como "emperador", en León, nunca tivo lugar. En todo caso, tratouse dun feito moito menos transcendente do que algúns pretenden; de que era emperador D. Afonso? Ao cabo, á súa morte volveu dividir o reino entre os seus fillos, o que resulta moi pouco coherente coa suposta "idea imperial". Mentres a presenza musulmá estivo forte, resultaba imposible un afán de espallamento territorial. En realidade, a Reconquista non se inicia realmente até entramos no século XI; até aí o que rexistramos é o afán por manter a hegemonía sobre un territorio que, na súa maior parte, nunca chegara a estar baixo o dominio musulmán. A Reconquista non dura oitocentos anos, senón que vai máis ben desde o século XI deica o XIII. Logo, até a conquista de Granada, pasan dous séculos de estabilidade peninsular, ese é a verdadeira panorámica. Manter o contrario é pura ideoloxía resesa.

—Que importancia lle concede Vde. ao fenómeno xacobeo no proceso de identificación dos galegos coa monarquía galaico-ástur?

—O fenómeno xacobeo ten lugar a partir do século IX. Hai que ter en conta que abrolla no contexto da procura dunha igrexa que se afaste desoutra, mozárabe, de Toledo e que convivía co poder musulmán. Tratouse dunha verdadeira necesidade identitaria nunha xeira na que os motivos relixiosos teñen unha extraordinaria importancia.



FOTO: ELÍ REGUEIRA

X. A. López Teixeira

“Temos que reclamar a plena galeguidade dos primeiros monarcas da Reconquista”

*Xosé Antonio López Teixeira (Vigo, 1957) é autor de Arredor da formación do Reino de Galiza (711-910), volume que vén de ser editado por Tóxosoutos. Ao longo das páxinas deste obra, Teixeira reivindica a necesidade de contarmos cunha historia política de noso, que recolla a importancia decisiva do espazo galego na conformación da resistencia fronte ao poder musulmán.*

XOSÉ RAMÓN PENA